



AXUNICA: RECONSTRUÍNDO A ESPERANZA EN NICARAGUA

A foto que fala

Crucifixos nas aulas. Decía esta semana a prensa: “o líder do centro esquerda italiano púxose do lado do crucifixo, unha antiga tradición que non pode considerarse ofensiva para ningún”. Ai, xa nada é o que era!



O trasno A comunidade pendente

Daniel López Muñoz

Atérrame a imaxe dos pais dun neno con obesidade mórbida que a Administración quere tutelar, rodeados de cincuenta cámaras, convertidos en protagonistas de España directa, dos diarios de patricias e plebeas, dos corazón corazón e fígado a mogollón. Minutos de gloria infausta. Pasto das feras.

As feras somos todas. Deberíamos estar caladiños, e a prensa máis. Porque nestas cousas pasa como coa guerra dos Balcáns. Mentres nos relatan e describen os crimes, case que en directo, érguense miles de voces reclamando unha intervención. Pero cando se produce a intervención, todos temos máis que dicir.

Intervir é sempre unha irrupción, unha agresión, un mal. Por iso cómpre saber ben se ese mal é o mal menor, se é proporcionado ao ben que se quere preservar. E quen ten eses datos todos? O falar non ten cancelas. De física saben os físicos, pero no social e na xustiza, todo o mundo é doutor. Poderíamos, para variar, dar unha oportunidade aos técnicos de menores, aos servizos sociais e a fiscalía.

O caso dá que pensar, certamente, cando se pon en relación con tantos outros nos que non se fai nada: abandono, maltrato de nenos aos pais, al-

coholismo precoz. Pero xeneralizar unha intervención que afaste os nenos dos pais é o contrario do que recomentan todos os expertos. E, ademais de indesexable, é carísimo.

O que hai que reforzar é o capital humano, as redes de atención na proximidade, os equipos de servizos e educación social baixo responsabilidade pública, con moita fecundación e complementariedade das organizacións solidarias, da veciñanza perdida, da escola dimisionaria, da sanidade ausente, da comunidade pendente.

A perda da solidariedade espontánea, cultural, comunitaria, rompe os vínculos, mete a xente no seu, mentres os nenos e nenas son titorizados pola “play”; educados polos anuncios e nutridos polos donuts e chuches. Hai moito que refacer e compensar con tanto rapaz abandonado no capricho. Por iso que, pode alguén crer que o novo goberno galego pense en serio en enfraquecer ou dismantelar a rede de persoas que, repartidas por Galicia, están tratando de que aprobemos esa materia pendente da prevención e o traballo socio-educativo no medio da xente, nas famosas oficinas do Consorcio Galego de Servizos Sociais? A que non?



No foro de Encrucillada faláronse cousas ben interesantes: as “outras” dimensións da crise, a oportunidade de facer unha revisión deste modelo de crecemento que non se sabe a onde nos leva –ou si, para a desgracia dos nosos fillos e fillas-, a organización necesaria para ir enxergando e anticipando algo novo. Tamén se falou da necesaria primacía do social, de menos consumo, de reparto de traballo, da reivindicación do pequeno e da simplicidade voluntaria.

Cómpre superar os “discursos paralelos” e preguntarnos polo potencial que ten a fe cristiá en relación cos desafíos altermundistas

Coincidiu practicamente no tempo cunha oportuna entrevista en El País, edición de Galicia, a Andrés Torres Queiruga, na que se aproveita a circunstancia da publicación en Galaxia

do seu libro *Repensar o mal. Da poneroloxía á teodicea* (http://www.elpais.com/articulo/Galicia/lle/pido/Deus/remate/coa/fame/estoulle/botando/culpa/elpepuespgal/20091106elpgal_18/Tes). Alí, dunha maneira moi resumida, danse pistas para que aqueles que están máis arredados da Igrexa perciban que hai “outra maneira” de vivir a fe: unha maneira que fai posible buscar espazos de encontro –entre a fe e a cultura laica- polo ben da humanidade.

Nunca estará de máis crear foros para alimentar o pensamento alternativo, para perfilar os argumentos e dar razón das nosas utopías, para coñecer con criterio. Pero quizais a reflexión que se nos suscita é se, dada a enorme carencia de reflexión teolóxica traducible á linguaxe secular, significativa –tal como a que se expresa nesa entrevista a Andrés- non será unha mágoa non sacar todo o proveito dos poucos foros que posibilitan ese diálogo.

Porque de altermundo, economía política, crise económica e movementos sociais, hai multitude de espazos para falar, encontrarse con xente e debater. Pero o importante é superar os “discursos paralelos” e preguntarnos que vixencia e que potencial ten a fe cristiá en relación con eses desafíos do pensamento altermundista, dos que non se conforman con este sistema inxusto e alegremente suicida. E facer encontro e síntese. Responder en definitiva a preguntas de “crentes en tempos de tribulación”: que ten que ver a proposta do decrecemento coa nosa linguaxe relixiosa, co evanxeo de Xesús, coa expresión da fe, coa vivencia do Misterio, coas liturxias e as místicas e as escatoloxías que levamos no fardel.

Rumores de esperanza

Xan Guillén




‘Bolboleta sira-nia nanál? Sabes que che digo? Supoño que non, se non sabes o idioma tetún que é, xunto co portugués, o idioma de Timor Leste. Pois o que din esas palabras é “a lingua das bolboretas”. Agora xa entendes, e tamén saberás, que é un dos relatos máis coñecidos de Manuel Rivas. Pois resulta que esa obra acababa de ser traducida ao tetún e vai ser lectura obrigatoria nos seus centros.

Sen dúbida temos unha boa noticia. A nosa literatura vólvese cada vez máis internacional. Fóra valoran a nosa cultura sen entrar nin en prexuízos nin en tópicos. Por certo, tamén a tradución vai ser bilingüe, en

portugués e tetún. Parece que en Timor non se cuestionan para que vale estudar nese idioma que só falan uns 800.000 habitantes desa illa de Asia.

Acaba de pasar o tempo de defuntos e chamoume a atención unha cousa. En case todas as conversas que tiver nas que aparecía o termo Halloween automaticamente alguén saltaba falando do Samaín. Estamos no tempo das castañas e dos magostos e se cadra tamén no tempo de empezar a reivindicar as nosas tradicións e a nosa cultura. Pasádeo ben coas castañas e que en Timor gocen coa historia do mestre que engaiolaba aos rapaces coa súa explicación sobre as bolboretas.

1



3



2



4



A peneira

1

O 29, na súa festa, Sant Andreu de la Barca, nomea ao historiador **XOSE LOIS GARCIA**, de Chantada, fillo adoptivo e cronista honorífico. Alí exerce como Director do Arquivo e Patrimonio, universalizando a historia e o agarimo da cidade e valorando con rigor a cultura popular. Poeta, experto no románico, investiga o Galeuzca. Na Diada de 1923, asinaron a alianza entre Euskadi, Catalunya e Galicia. A aposta soberanista alimentou o nacemento do PG na II República, o Estatuto do 36, as eleccións europeas.

2

7 anos do Prestige lembran a longa historia contra os vertidos. Nos 80 lanzaron ao Atlántico 75.000 toneladas en bidóns con toda impunidade. **A UE** fai unha lista negra de buques que poden producir mareas negras, ata con residuos nucleares. Se non cumpren non poden fondear nos portos. Na foto, manifestación na Toxa no 1985, na Conferencia Internacional de Pesca. No 2008 foron detidos 6 barcos en portos galegos (178 no Estado) por risco de contaminación e inseguridade. En Somozas hai 10.000 toneladas do Prestige sen tratar.

3

Hai asociacións coma a Lonxa Literaria de Moaña que dende o 2000 traballa arreo a prol da lectura con obradoiros de escrita, teatro, poesía e debates. O día 12 tivo lugar o congreso do **LIBRO ELECTRÓNICO** no Consello da Cultura. O ano pasado editamos 3.747 libros (o 2,4% do total do Estado). O inglés é o 1º idioma estranxeiro, e o portugués, o segundo, cun 23,8% pois medrou un 61,8%. É o idioma oficial, xunto co tetún, de Timor, aos que van verter "A lingua das bolboretas", do volume *Que me queres amor?* de Manolo Rivas.

4

"**TERRAS ESCONDIDAS**" de Santiago Fernández e Salvador Arellano afondan nas entrañas do noroeste da India: arquitectura vexetal, bambú... Acubilla medio cento de linguas. As fotos, en Veterinaria de Lugo, amosan camiños do arroz e ofrendas ao deus solar. Supón un contraste coa India emerxente dos técnicos alimentando o tecido industrial europeo. Na Inglaterra colonizadora, hai parlamentarios indios. A gañadora dos últimos Óscar, *O millonario dos suburbios*, é inglesa alentada co espírito hindú.



Alfonso Blanco Torrado

5

No mes de **SANTOS** lembramos o horror da morte de 12.000 vítimas civís no cemiterio de Mostar, moitas delas novas, con placas datadas no 1993, en Saraxevo. E 8000 tumbas datadas no 1995, de varóns musulmáns en Srebrenica, na foto. O xenocidio da guerra de Bosnia (1992-95), causou cerca de 100.000 vítimas entre civís e militares, e 1,8 millóns de desprazados. Das 97.207 vítimas documentadas, o 65% eran bosnios musulmáns e o 25% serbios. As civís, o 83% eran bosnios.

6

O día de solidariedade cos **PALESTINOS**, o 29, que loitan polo estado, divididos na Cisjordania. Hamas, gañou as legislativas do 2006, e domina a franxa de Gaza e Al Fatah a beira oeste do Xordán. Estes seguen a desprestixiar a Hamás, que os observa coma cómplices de EEUU. Israel, 16 anos pechado ao diálogo, ergue murallas de ignominia e formigón. Os colonos aproveitan o 80% da auga, (en piscinas e campos), dos terreos ocupados, mentres os palestinos malviven co 20% acosados polos soldados, na foto.

7

As eleccións de **AFGANISTÁN**, síntoma da corrupción e fanatismo que medran afeito, incrementaron a vaga de manipulación. Occidente segue armando a sima de 8 anos de desatinos, que só xeran violencia, nunha guerra improvisada e perdida. Nos 6 primeiros meses deste ano mataron 1013 civís, 24% máis ca no 2008. A pobreza medra, combatida polos labregos coa produción de opio, xerando toneladas de heroína, morfina, etc., un narcotráfico que produce máis morte. No sur de Asia, secas e inundacións fan desaparecer os campos de cultivo.

8

As **COOPERATIVAS**, Feiraco, Irmandiños, Icos, Melisanto..., están a loitar contra o desmantelamento do sector leiteiro, estratéxico na economía. Agora queren salvar Pascual, de Outeiro de Rei. Son conscientes da falla de vontade da Xunta, que xa deixou perder Leyma ou Larsa, cando todos os países leiteiros teñen unha empresa láctea punteira, como Kerry en Irlanda ou Puleva en Andalucía... Non cadra que tanta produción agrogandeira, non poida competir con garantía no mercado, por desidia da administración.

☎ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

☎ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

☎ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

☎ Rebl, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

☎ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

☎ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com



☎ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

☎ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

☎ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

☎ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

☎ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

☎ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

☎ Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

☎ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espirolde@yahoo.com

☎ Calvo Sotelo, 8
36580 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aeestrada.com

Política O idílico mundo da política

Pedro Pedrouzo Devesa

A raíz das detencións feitas pola policía en Lugo, varios funcionarios e políticos pasaron un día reclusos á espera de que unha xuíza lles tomase declaracións. Á saída, queixábanse das calamitosas condicións nas que se encontraban as celas policiais, algunhas delas infectadas de chinches e piollos.

Sen entrar na desproporcionalidade da actuación xudicial, son varias as reflexións que nos veñen á cabeza cada vez que un político é recluso, aínda que só sexa puntualmente, nun calabozo. Pero, hoxe quería pararme no enorme contraste que existe entre o seu despacho e a húmida cela que o acolle. Como unha baixada aos infernos, o gobernante afeito á moqueta, á adulación e ao bo vivir, baixa de categoría e enfronta unha dolorosa realidade descoñecida para el. Fai o paso inverso que fixeron moitos políticos da transición: do cárcere á moqueta.

Moqueta e cela simbolizan dúas sociedades opostas que conviven pero raramente conflúen: a dos triunfadores e a dos perdedores. Por unha parte, aqueles que souberon aproveitar (e ás veces abusar de) as oportunidades que se lles apareceron; por outra, aqueles que nunca tiveron a sorte de poder decidir ou non quixeron pensar con sentidoño.

fan o paso inverso que fixeron moitos políticos da transición: do cárcere á moqueta.

A moqueta narcotiza e o coche oficial idiotiza. Ser venerado é o mellor que lle pode pasar a alguén para converterse nun cretino integral, cuxo maior mérito é o de repartir (ás veces con demasiada alegría) cartos que son de todos. Os ceros sempre lle parecen pouco se a cambio obtén esa deliciosa palabra que todos queren oír: “votarémeste nas próximas”. O resto de mortais, que non toma decisións sobre como gastar miles de euros públicos, mira con desconfianza a ese tipo que ata onte parecía normal e que sorri a todo o mundo.

No imaxinario político dos nosos partidos, cortados todos por un patrón moi galaico, transmítese de xeración en xeración a necesidade de se escenificar coma redentores nosos, auténticos conseguidores, cando son persoas que están aí case de casualidade, a unha xeración da chabola, só un paso por diante da miseria; individuos que esqueceron que están no seu posto de prestado e que non deberan preocuparse tanto do titular semanal como de mellorar as cousas. Ningún político debe olvidar que está onde está porque ten a sorte de vivir no mellor sistema social que existe: a democracia representativa.

Porén, os partidos desprezan os políticos que, no canto de andar paseando e inaugurando, están nos despachos gobernando para que melloren as cousas. Pero a sociedade si que necesita a eses verdadeiros representantes seus, aos que, paradoxalmente, nunca llelo vai agradecer. Está demasiado ocupada gozando das variadas tonterías que ofrece a televisión.



O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Contoume Mero que o outro día nun concerto na praza da Leña da Coruña, uns mozos berraban cousas españolistas. O Mero, que ten escola, díxolles que había bastantes pedras pola zona da Torre onde romper a cabeza sen necesidade de amolar a ninguén.


É curioso isto dos ultras que aparecen coma os cogomelos, en tempos de crise. Tamén pasa entre nós, que anda a xente a rebuscar nos armarios das sancristías rescatando trapos vellos que xa ninguén acordaba. Os psicólogos chámanlle regresións. Pero, pódese regresar ao que xa non existe? Para min que todo é cousa do medo; hai moito medo a perder privilexios, a deixar de mandar, a ser alguén...éche como o Moncho, un can que teño na casa, que é mansiño e mexeriqueiro, mais cando colle medo ladra coma un tolo e amosa os dentes. Polo demais non fai mal ningún a non ser o outro día, que roubou unha folla de bacallau a un veciño e pasou a tarde bebendo auga.

Leo un libriño sobre a intolerancia relixiosa de Martínez Lozano: *La Botella en el océano*. Di que as crezas separan e a experiencia une. Tenche moita razón. E hai experiencias como a dor, a enfermidade, a represión, a fame... que fan irmáns. O caso é que sempre aparecen redentores cando menos falta fan, porque veñen a afrontar e a dividir e non a axuntar. Ademais, son perigosos, pois, ao contrario do Moncho, non lles vale con ladrar, traban. Polo demais, estas restauracións, estes volver atrás, son o síntoma máis claro de que as súas montaxes esmorecen.

Nos tempos de mudanza sempre apareceron persoas que abriron camiños, mira senón os santos: o noso Francisco, o San Ignacio, Tareixa a de Xesús, o Vincenzo de Paúl...e foron revolucionarios e mesmo levaron malleiras como San Xoán de la Cruz. Pois oxalá saibamos abrir camiños en vez de voltar ao Exipto explotador como di unha canción que oín na misa. O Templo xa non vale, dixo Xesús, pois non fagamos outro que bastante Templo temos nas mulleres e homes da nosa terra.



© CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista DÚAS MULLERES DE NICARAGUA ENTRE NÓS

Juan Antonio Pinto Antón



Norma e Chilo foron recibidas polo alcalde de Lugo

Sentamos a conversar con Norma e Chilo sobre a Nicaragua de hoxe e o seu traballo coa nosa amiga Ana Vila, apoiado pola asociación luguesa AXUNICA (AXUda NICAragua). Elas mesmas se presentan.

Norma: O meu nome é Norma Elisa Echevarría Mendoza. Son nicaraguana. Teño doce anos de estar traballando con Ana Vila e con AXUNICA nas comunidades de Malacatoya, Tepalón, Santa Ana, El Tabacal e Los Ángeles.

Chilo: Eu son Chilo Talavera. Veño de Nicaragua pola graza de Deus. Son membro da Fundación Apostamos pola Vida. Son nai de catro fillos.

A carón noso está Ana Vila Montero. Quen é Ana e que supuxo para o voso traballo?

Norma: Ana é unha compañeira de camiño. É unha muller que ten dado a vida por Nicaragua, que se entregou organizándonos, traballando en grupo, dándonos formación ás mulleres, ás máis marxinas. Ana Vila é unha amiga na que podemos confiar. É unha persoa que escoita, que nos anima. Para min é unha nicaraguana máis.

to. España é un país que ten todo completo. Comparada con Nicaragua vexo que hai moitas dificultades pero tamén moita irmandade como demostra AXUNICA que nos apoia desde o principio. Únenos a solidariedade. Pero para min o salto foi moi forte, moi rechamante.

Chilo: Impresionoume tanto... Aínda que se diga que é un só mundo, este é outro mundo non comparable co noso. De tanta impresión non sei que dicir.

Gustaríanos vivir coas vosas palabras a situación de Nicaragua. Chegan noticias inquietantes como os intentos do goberno de silenciar a Ernesto Cardenal.

Norma: Daniel Ortega non cumpriu o que prometeu. Foi unha ilusión para a maioría dos nicas, que as cousas poderían cambiar, pero a situación segue igual. Se reclamamos os nosos dereitos, xa estamos mal co goberno. Iso non se permite, estamos mal vistos, estamos contra o goberno. Daquela non se pode erguer a voz porque o goberno non permite liberdades.

Chilo: En realidade non me asusto de que calen *ahorita* a Ernesto Cardenal porque Nicaragua está pasando por unha etapa crítica en todo o político. Todo o movemento de mulleres danos esperanza como

Traballamos en formación e na venda de medicamentos xenéricos que poida mercar a comunidade.

Chilo: Ana para min significa moito. É unha persoa demasiado grande. Hai uns vinte anos que chegou a Nicaragua. E a nós, como mulleres estáanos a ensinar moitísimo. Quere-mos seguir o camiño que nos trazou. Ela é a representante de AXUNICA e para Nicaragua é unha gran persoa.

Que sentides e cales son as vosas impresións ó saltar estes días entre dous mundos que, realmente, son un só?

Norma: É impresionante. Non se pode comparar. É todo moi distin-

para erguer a voz como antes, pois hoxe téñena completamente bloqueada cun muro máis grande que a muralla de Lugo. Agora unha non pode erguer a voz. E algúns medios mandan que calemos. Din o que o goberno lles manda. No político estamos moi mal.

AXUNICA desde Lugo apoia o voso traballo. En que consiste?

Norma: Valoramos moito o seu traballo. O noso é dar formación no grupo de mulleres para que creamos en nós mesmas. Traballamos no comedor infantil porque temos un problema real de fame. Axudamos á comunidade para que os nenos poidan ter unha comida ó día. Estamos a traballar cun grupo de mulleres en micro-financeiras para que poidan levar un pouco de diñeiro a casa. Tratamos de que sintan que son persoas. Estamos aquí, pois, traballando polo ben común das comunidades. Pensamos que o máis importante é a formación, porque a medida que nos formamos cambiamos a mentalidade, o noso desenvolvemento. Imos aprendendo e esixindo os nosos dereitos.

Chilo: Traballamos e dirixímonos especialmente ás mulleres porque a muller en Nicaragua está moi mar-

xinada e ten a súa autoestima moi baixa. Séntese inútil porque así a ten o compañeiro, como se fose un obxecto que non vale nada. Aproveitamos para traballar con mulleres e nenos que son moi maltratados. Por iso tentamos darlles formación, afianzar a súa autoestima. De feito algunhas mulleres xa saíron adiante.

Dende aquí pensamos que a muller debe protagonizar o desenvolvemento das comunidades. Ou deixamos o protagonismo nas mans dos homes?

Norma: Ó longo destes anos a muller é a que vai facendo o traballo cotián, pero ese traballo é invisible. O traballo que fai a muller non é recoñecido. Dende que se ergue pola mañá ata que anoitece anda dando voltas e máis voltas. Traballa pola familia, pola comunidade, por si mesma, por saír adiante. As mulleres facemos o traballo diario pero á sociedade cústalle aceptar o que facemos.

Chilo: No dos homes non podo contestar. Nós estamos a loitar coas compañeiras mulleres para que poidan saír adiante cos fillos. As mulleres estamos como secuestradas polos maridos e aínda así saímos adiante. Falamos máis, participamos máis, reclamamos máis os nosos dereitos.

Volvo a temas moi concretos. En que proxectos traballan actualmente e cales son os dun futuro inmediato?

Norma: Traballamos con proxectos de venda de medicamentos -non de marca senón xenéricos- que poida mercar a comunidade.

Temos proxectos de formación que son moi importantes para a mocidade. Temos becas de estudantes para que os *chavalos* poidan estudar en Granada, para que poidan formarse e resulten un beneficio para a comunidade. Por exemplo, temos un *chavalito* que estuda medicina. É o seu soño e o noso para que no futuro sexa un beneficio para a comunidade. Temos tamén proxectos de retretes. Actualmente estamos a facer un proxecto de vivenda que apoian varios organismos.

A xerarquía da Igrexa non baixa ata a xente máis desfavorecida.

Chilo: Traballamos cunhas oitenta mulleres nas comunidades. As mulleres levan hortas comunais onde cultivan a súa parcela para o seu beneficio.

As mulleres pertencen a un comité que leva un proxecto de auga que naceu no ano 2000, apoiado por AXUNICA e os xesuítas pois había comunidades sen auga potable e con moitas enfermidades, unha situación antihixiénica. Hai outras mulleres organizadas en proxectos de costura e artesanía. Temos proxectos de integración da mocidade porque pensamos que ó final é a xente nova a que vai lograr unha maior formación.



Entrevista DÚAS MULLERES DE NICARAGUA ENTRE NÓS

Esta é unha entrevista para IRI-MIA, unha revista para crentes galegos. No voso traballo, nas vosas comunidades sentides a apoio da Igrexa de Nicaragua?

Chilo: Non sentimos ningún apoio da Igrexa. Vemos o exemplo de monseñor Ovando que se integrou nas filas do goberno. Que podemos esperar os que estamos abaixo? Non temos ningún tipo de apoio.

Norma: A xerarquía non baixa ata a xente máis desfavorecida. Falamos dun Deus, pero é un Deus para eles porque a Igrexa non nos axuda.

Que futuro cren que teñen as comunidades nas que traballan? Son optimistas ante o futuro de Nicaragua?

Norma: Nunca hai que perder as esperanzas. Hai que ser moi optimistas. Hai que seguir loitando e estar animadas, e sobre todo organizadas, formándonos e loitando polos nosos dereitos. Hai que estar sempre co corazón aberto e pensar que todos somos iguais. E que hai un mundo que é posible sempre e cando cambien as mentalidades e os corazóns e que non haxa unha pedra no medio que nos estea obstaculizando.



que aquí todo está ben e en Nicaragua todo está mal... (E aquí, en efecto, Norma non pode seguir falando e ponse a chorar)

Chilo: Eu levo de aquí unha impresión grandísima de todo o que vimos, de como vive aquí a xente e como vivimos nós. Máis ca nada sentimos que se toda a xente fose coma os de AXUNICA e puxese unha man sobre a conciencia, todo iría mellor. É unha gran impresión a que sentimos das moitas cousas que vimos. É que nada, nada, nada se pode comparar.

Unha honra e un pracer pola vosa testemuña e por este tempo que nos regalastes. Grazas Norma, grazas Chilo.

(A conversa segue fora do micro. Norma non pode terminar con tantas emocións. A impresión de saltar entre dous mundos tan diferentes abriúlles os ollos. Un só mundo, dicimos, pero hai moitos mundos no mesmo planeta, ignorándose entre si. Transcribimos as palabras pero non a verdade que agroma desde o fondo da vida destas dúas mulleres admirables).

Xa temos mulleres que se independizaron e iso alegrounos.

Ás veces pensamos que o traballo de ONG como AXUNICA pode crear dependencia a longo prazo, afacendo a xente a vivir dependendo de axudas externas. Que pensan disto?

Norma: O goberno debe cubrir todas estas necesidades pero non o fai. Grazas ó traballo das ONG vemos que hai familias que saen adiante. O obxectivo das ONG é ensinar a pescar para que non esteamos sempre dependentes. Nestes momentos non podemos andar sós porque hai moita desigualdade e precisamos axuda.

Chilo: Escoite, estas axudas agora son imprescindibles. O obxectivo é que as mulleres formen os seus colectivos. Non nos cremos mestras porque tamén aprendemos moito das comunidades. Xa temos mulleres que se independizaron e iso alegrounos. Traballan independentemente na casa grazas á formación que recibiron. Teñen unha entrada económica e poden ser independentes. Se as ONG se retiran non sei o que pasaría. Non sei cando Nicaragua será capaz de vivir independente da axuda exterior e das ONG.

Hai barreiras aí. Tamén é certo que estamos afastadas, pero os nicaraguans podemos saír adiante a pesar do pasado que temos de guerras, furacáns, catástrofes e terremotos. O de Nicaragua é un pobo que segue loitando e que non pode perder a esperanza.

Chilo: Eu tamén o vexo así. Non perdemos as esperanzas. Vemos que cando nós, os pobres, creamos en nós mesmos, daquela imos trunfar. Pero esa é unha loita continua creando conciencia de que ninguén é máis ca ninguén. E que, se existe un Deus, todos somos iguais, todos como fillos de Deus. No mundo hai moitas desigualdades porque moitos só miran a si mesmos. Aínda así, temos moita esperanza.

Despois destes días aquí, con Ana, con tantos amigos, que levades de volta a Nicaragua?

Norma: Levamos moitas impresións e o ánimo de seguir traballando mellor por Nicaragua. Ver aquí tantas desigualdades... É inexplicable o que sinto porque teño ganas de chorar. Dan ganas de preguntarse por

Saudiña A escoita activa

Xaquín Campo Freire



-- Por que non falas con alguén deste problema? Tal vez che dean unha orientación, unha axuda, un consello ou unha pista para unha solución; aínda que só sexa parcial. Algo é algo. Véxote moi triste, como moi soa. Ten que haber unha saída, ten que ...

-- Non me fagas rir, amiga. Vivimos nun mundo absolutamente fechado en si mesmo. Cadaquén vai ao seu. Cos auriculares conectados en todo momento, ninguén escoita a ninguén. Vivimos fuxindo de todo e todos. Fuximos de nós mesmos. Témonos medo uns aos outros. E mesmo a nós. E cando te acercas a alguén, falamos, falamos e falamos. Pero non nos escoitamos. Eu tamén fago o mesmo. Por iso non culpo a ninguén. Pero non deixa de ser unha verdadeira mágoa.

-- Certamente esa é a túa experiencia e estás nun momento de gran tristura que che impide ver outra realidade. Pero tamén é verdade que hai persoas pacíficas e pacificadoras, que te miran de fronte, con ollos limpos e suaves. Sen medo e sen escapar de ti. Que te escoitan sen vulgarte. Quizais non teñen ningunha solución nin saben nada do asunto que lles estás a

falar. Pero aténdente, escóitante con atención. Con paciencia. Velos persoalmente centrados en ti. Notas que poñen interese en ti e no que lles estás a dicir. Intentan comprenderte. Observan con corazón todo o teu ser. Sentes que te acollen totalmente. E aínda que non che poidan dicir moito, saes dese encontro, por veces ben casual, como renovada por dentro. Eu teño a sorte de ter topado con alguén así. E sobre todo que sabes que podes volver. Alí os encontrarás sempre con esa aceptación incondicional. Non é que che dan todo por ben feito. Pero no que che están a dicir sénteste amada, querida, respectada. Colles alento.

A conversa foi moito máis longa e foi o comezo dun camiño que paseñamente foi dando lugar a un novo alborear. Fíxose luz nesa vida. E saíu, con axuda, pero por ela mesma daquel pozo que era coma un abismo e que parecía sen fondo.

“Saber escoitar é certamente unha das formas máis eficaces de respecto. A súa importancia e salientada por calquera escola psicolóxica e tamén pola reacción do común das persoas. É a pedra angular na que asentan

todas as respostas xeradoras de axuda. E cando un se sente escoitado, ten a cálida percepción de ter valor aos ollos do interlocutor. A escoita é unha das “*caricias positivas*” máis valiosas e apreciadas pola xente. Recoñécense así os aspectos valiosos da outra persoa e aumentan a autoestima.” Canto nos insistía nesa escoita activa Angelo Brusco, ese excelente profesor e psicólogo especialista en Relación de Axuda, nas súas clases en Roma. Del é a cita anterior.

Quen sabe escoitar con corazón, convértese en instrumento de curación, porque dá espazo aos outros para abrírense con confianza e liberdade e así séntense comprendidos e afirmados. A palabra dun amigo que escoita vólvese verdadeira medicina.

É esta unha das habilidades que estamos a traballar detidamente na Escola de Saúde “Mons. Araúxo”

“A natureza dotounos de dúas orellas, dous ollos e unha soa boca, para que poidamos oír máis e falar menos”, dixo Zenón de Elea. Seguiremos nesta teima.



Joaquín G. Roca e Carlos Taibo parolando.

A outra cara da crise

A estas alturas, contamos xa con moitas reflexións, manifestos e propostas, sobre a crise dende as máis diversas perspectivas e disciplinas. En Encrucillada xa abordamos tamén o tema no nº 162 de marzo-abril deste ano, revista que serve como antecedente a este foro, presentándonos a realidade da crise e as súas causas.

Na súa presentación, Antón Gómez repasou o que xa sabemos: que a actual crise comezou nas alturas económico-financeiras, e que as súas causas son de tipo político e social. Coma sempre, aféctanos a todos, pero de xeito mais sangrante aos que menos teñen ou non teñen nada. As respostas ou propostas que xorden son do máis diverso e dependen da ideoloxía ou do status social de quen as propón. Citando a José María Castillo, recordounos que “a ciencia non é neutral”. Na mañá do Foro escoitamos a Carlos Taibo, profesor da U. Autónoma de Madrid, firme partidario do movemento antiglobalización e unha das mentes máis lúcidas do pensamento político actual. O tema do seu relato foi o decrecemento. Explicounos que non se pode seguir producindo a

costa dos recursos limitados do planeta, dos cidadáns do Terceiro Mundo ou incrementando o cambio climático.

A súa charla, moi clara e didáctica, foinos mostrando outro xeito diferente de entender a vida. Cos seus exemplos fíxonos ver cantas veces estamos a traballar para manter unha imaxe social de nós mesmos, consumindo sen control, sen pararnos a preguntar se verdadeiramente é necesario gastar tantos folgos en manter tantas cousas como temos.

Tamén falou de que o crecemento descontrolado lévanos camiño da fractura social, pois os “danos colaterais” do noso estrago vanse volver contra nós en forma de masas empobrecidas as que chegará un momento que non haberá como controlar. Mesmo campou pola sá a pantasma dos totalitarismo no seu estado máis cru, coma único mecanismo posible para soste a situación de opulencia na que uns poucos parecen querer instalarse.

Ximo García Roca falounos de como os movementos sociais se xeran no recoñecemento da diversidade, dan-

do forza e contido a conceptos como cidadanía, veciñanza e fraternidade. Explicounos que os nosos políticos e dirixentes se ven desbordados, que vai sendo hora, e xa está aquí, da creación de resistencias e alianzas cívicas, redes locais e internacionais que poñan en práctica novas capacidades. Ante as novas adicións ao consumo, xorden os movementos sociais que están a revolucionar as expectativas do presente, proponendo outros xeitos de vivir o espazo e o tempo humanos e avanzando en novas propostas sociais sobre o sentido.

É necesaria esta capilaridade social, que axude a mudar dende os pequenos, dende o invisible, as perspectivas de futuro do mundo. Os pequenos xestos proféticos que xorden nas realidades locais estánnos facendo albis-car ese outro mundo posible.

Antes de ir xantar, Xosé Antón Migúlez e Manolo Regal regaláronnos unha celebración moi participada da solidariedade fronte a crise, recollendo moitos textos bíblicos do Antigo e Novo Testamento. Nela tivemos un momento para o recordo de Ignacio Ellacuría, que hai 21 anos participara no II Foro de Encrucillada dedicado á teoloxía da liberación en Galicia. Nestes días estamos a recordar os 20 anos do seu asasinato.

Na mesa redonda da tarde, Carme Yebra presentounos a última encíclica social de Bieito XVI, *Caritas in veritate*, na liña dos documentos vaticanos de doutrina Social, con poucas novidades sobre o xa escrito polos seus antecesores, se ben avanzando algo na súa liña. Santiago González

Avión, presidente en Galicia da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, introduciunos nas bases de partida deste documento, reflexionando sobre o impacto da crise sobre a pobreza e a exclusión social na nosa realidade concreta.

Para completar esta crónica do vivido no XXIV Foro de Encrucillada rescataría cousas que foron saíndo na mesa redonda final. As veces tamén somos vítimas dunha mal entendida tradición cristiá. Compre recuperar a visión profética do que mira ao pasado para corraxir o camiño que está levando ao futuro. Casaldáliga xa nolo ten advertido: “a fe sen praxe é unha quimera, un sarcasmo”.

Insistimos tamén en que hai que dar máis valor á política. Hai que meterse en política, asumir a vocación política, e non quedarnos só en cantar cancións de protesta. A política está decote en mans de xente sen conciencia social nin responsabilidade. A Igrexa católica sempre fixo caridade, que segue a ser indispensable; pero cómpre empezar tamén a facer política. Se non criticamos e cambiamos as estruturas, continuaremos cunhas que son nefastas.

Vimos esperanzados que estamos en tempos de repuntamento da conciencia social. Que seguimos sendo unha minoría os que lle plantamos cara ao sistema, pero unha minoría cada vez máis numerosa. Os Foros Sociais son boa proba disto.

O capitalismo non se pode humanizar, pois por definición é inxusto e inhumano. É evidente que as políticas

capitalistas admiten correccións, pero igual ese non é o camiño. Como podemos compaxinar sen avergoñarnos o capitalismo (sistema baseado na desigualdade) co cristianismo? Cristo, o Libertador, botou man do vergallo no templo. E nós?

E Carlos Taibo recordounos que non fan falla grandes xestos, que xestos cotiáns como usar menos o coche ou deixar de mercar aquilo que verdadeiramente non precisamos son moito máis eficaces. Xa é hora de que revisemos os nosos hábitos de consumo



e os comparemos cos das nosas avoas. A economía e a sociedade españolas cambiaron moito nos últimos 50 anos, pero compre ver se todos eses cambios son positivos, ou se non estaremos subidos nun carro de voracidade que nos está a impedir valorar e gozar a vida.

Marisa Vidal Collazo
Asoc. Encrucillada.

Ás furtadelas



Os últimos datos da FAO afirman que o número de persoas desnutridas acadou os 1.020 millóns. Una cifra que se agrava pola crise alimentaria de 2008, froito da especulación e os agrocombustibles, e a conxuntura económica global. O irónico é que o 70% das persoas que pasan fame son ou eran produtores e produtoras de alimentos. O discurso oficial fala con alarmismo da falta de comida, e da necesidade dunha nova revolución verde en continentes como África (é dicir, máis sementes modificadas xeneticamente e agrotóxicos) para aumentar a produtividade

Extraído de Diagonalweb, periódico de actualidade crítica

http://

www.diagonalperiodico.net

DIAGONAL existe por e para a participación e a cooperación social.

josemariacastillo.blogspot.com

Teoloxía sen censura. Atrévete a pensar.

trafegandoronseis.blogspot.com

“Un ronsel de palabras. Un ronsel de números. Un ronsel de notas. Un ronsel de pensamentos. Ao fin... abrirse camiño nun novo fogar...”

IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envía o Apartado 980 15705-Santiago de Compostela, ou escribenos a irimia@wanadoo.es

NOME: APELIDOS:
 ENDEREZO:
 CÓD. POSTAL: CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA:
 TELÉFONO CORREO ELECTRÓNICO

QUERO SER SOCIA/-O: 3 €
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 24 €
 De apoio: 36 € Subscrición anual (22 números)
QUERO SER 60x100: 60 €

DOMICILIACIÓN
 BANCO OU CAIXA E AFORROS:
 DOMICILIO DO BANCO: CÓD. POSTAL:
 CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA: TITULAR DA CONTA:
 Nº de CONTA: ____ / ____ / ____ / ____

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En a de de 200__.
Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.

Conta: CAIXA GALICIA: 2091-0349-45-3040005822
BBVA 0182-0267-15-0207905484



AXUNICA: RECONSTRUÍNDO A ESPERANZA EN NICARAGUA

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrán Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUBSCRICIÓN: Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

IMPRI: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia>

Boa Nova



Din que El-Rei asina nos documentos oficiais cun escueto e claro: "Yo, el Rey". Non é nin Juan Carlos, nin Filipe, nin Carlos, nin Fernando, é a institución, co seu poder, quen rubrica e garante o documento. E non falemos dun rei como Mohamed VI, que o temos aquí o lado, que non deixa a oportunidade de infundir respecto. Nin caricaturas nin imaxes queimada, ante un rei hai que ter respecto, xa que é a viva imaxe do poder. As palabras son máis que simples trazos negros sobre branco, e remítenos a un imaxinario mental cargado de connotacións. Para min rei e neno nacido nun presebe non poden ir xuntos na mesma persoa, aínda que, ben pensado, si na mesma frase, cun Herodes, con todo o seu poder, perseguindo e matando a cada cativiño que atopase. Así, de rei a todopoderoso hai un pequeno treito, o mesmo que de servo dos servos a Papa. Será cuestión dos títulos.

José A. Martínez

Os que non contan, son os que contan para Deus

Cando de pequena escoitaba isto de "o meu reino non é deste mundo" dábase en pensar nos cabaleiros Yedi, nas súas espadas láser e as súas naves (apocalíptica contemporánea, supoño). Agora, cando releo esta pasaxe e aquilo de "todo o que está aberto á verdade escoita a miña voz" caio na conta de que a verdade é de todos e non é de ninguén. E penso nesa nova orde internacional anunciada, entre outros, polo subcomandante Marcos, que parte da premisa de estar abertos sempre á verdade do outro, da outra, que é tan verdadeira como a nosa propia. escoitar ao outro, á outra, e facer escoitar a nosa voz ante calquera instancia.

Seguir os pasos de Xesús é estar abertos a esa nova orde global, é darnos e recoñecer palabra e autoridade a toda persoa humana. Non hai proxecto de vida meirande. "Eu para isto nacín e para iso vin ao mundo, para dar testemuño da verdade". Se somos quen de falar e vivir en verdade, sabendo que a nosa non é máis que unha, en pé de igualdade coas outras, saberemos recoñecer o auténtico cando o atopemos, pois non estaremos cegados pola vaidade de pretender que a nosa é a verdade máis verdadeira de todas.

E, por Deus, que non nos falte a humildade de saber permanentemente que as nosas verdades son so iso: nosas, e tan subxectivas coma nós. Non estaremos plenos e completos ata que non asumamos a verdade dos demais como parte que complementa e completa a nosa.

Marisa de Corme

O ECO

A CLAVE

A PALABRA

DOMINGO 22 DE NOVEMBRO. FESTA DE XESÚS CRISTO REI DO UNIVERSO Xn 18, 33b-37

Naquel tempo, díxolle Pilato a Xesús: "Es ti o Rei dos Xudeus?"

" Xesús respondeu: Dilo ti pola túa conta ou dixéroncho outros de min?" Pilato replicou: "E logo son eu xudeu? A túa xente e os sumos sacerdotes entregáronte a min: que fixeches?"

Xesús contestoulle: "O meu reino non é deste mundo; se deste mundo fose, os meus oficiais loitarían para que ninguén me entregase aos xudeus; pero o meu reino non é de aquí". Díxolle entón Pilato: Logo ti es Rei?"

" Xesús respondeu: "Tal como o estás dicindo, eu son Rei: para iso nacín e para iso vin ao mundo, para dar testemuño da verdade; todo o que está aberto á verdade, escoita a miña voz".

Falando da lingua Que nos pitan os oídos!!

Lidia e Valentina



Desde hai xa ben anos, 10 para ser exactos, erguémonos coa Radio Galega e imos cada mañá para o traballo escoitando a mesma radio. E tamén ao mediodía e á tarde. E en 10 anos foron mudando os locutores. E en 10 anos xa nos temos queixado máis de una vez da mala fonética dos profesionais da radio e televisión públicas, medios de comunicación que foron creados para a promoción do estándar da nosa lingua. E hoxe vémonos na obriga de volver sobre a cuestión.

Levabamos unha tempada escoitando un galego que non tiña moito mal, pero chegou o setembro pasado, cambiou o cadro de persoal e . mima-driña! Espertamos escoitando “*muidos días” empregando o ditongo “ui” no canto de “oi” e o “bos” pronunciado cun “o” madrileño de alguén que non sabe, non pode, ou non lle interesa, facelo aberto ou pechado. E así todos, absolutamente todos os “os” e todos os “es”. E seguindo con cuestións fonéticas: “una” non é o mesmo ca “unha” nin “mesa” non é o mesmo ca “mexa”. Claro que un termo do rexistro coloquial coma “mexar” non se emprega nas noticias, pero si se di

centos de veces no día “hose” e “Sun-ta de Galicia”. E a nós dóennos os oídos. E pasan os meses e non mellora a cousa nada. Se cadra é que ninguén lles avisou... pero por iso estamos nós aquí.

E non acaba na fonética o problema. Pronomes mal colocados, castelanismos léxicos, todo cun sotaque castelán que fai que nos teñamos que ir asegurar se seguimos sintonizando a radio galega ou saltou o dial. E non, non salta, non.

Faría falta algún coidado máis por parte dos profesionais e algún interese máis por parte dos responsables dos medios de comunicación públicos para que a situación deixase de ser tan escandalosa. Os locutores están para difundir un modelo de lingua culto e o que escoitamos non o é. Que non, ho, que non nos gusta así.

Pero non nos vale a solución de: «como falo mal, entón fágoo en castelán!» E iso debeu ser o que pensou unha das comentaristas do Faladoiro. Por favor! señora Marta Álvarez, volva a falar en galego. A falar apréndese falando!

O Fachineiro da lingua

As razóns do galego

O profesor Henrique Monteagudo, impulsado polo momento crítico que está a vivir o idioma galego, acaba de publicar este libro, que debería estar na mesiña de noite de todos os fogares galegos, especialmente dos que poden tomar decisións sobre o noso futuro. O libro consta de dúas partes: unha colleita de ensaios divulgativos e unha escolma de artigos de prensa aparecidos en *El País*. Son reflexións ben argumentadas ao alcance de calquera persoa cun mínimo de sensibilidade e sen especialización filolóxica. O autor procura ser obxectivo e imparcial, explicando cómo chegamos historicamente á situación lingüística actual e apela á responsabilidade de todos os partidos po-



líticos e dos cidadáns. Para el, “a deliberación pública sobre o idioma é un asunto de primeira orde en Galicia, é imprescindible”. A primeira parte remata cun significativo título: “Por un novo discurso galeguista do idioma” e abre unha fiestra de esperanza: partíndomos da “clarificación dos obxectivos e das prioridades. Coa experiencia destes anos ás costas, aprendendo dos acertos e tamén dos erros, afinando a capacidade de análise para comprender mellor o País e procurando novos camiños, aínda temos marxe para encarrear o noso idioma nuns vieiros de futuro mellor. Todo o contrario é recrearse na nostalgia e repregarse na auto-compasión.” Amén.